

# Vigocultura

Programación

febreiro - marzo 2011



## Auditorio Municipal de Vigo



Auditorio Municipal de Vigo

[www.vigocultura.org](http://www.vigocultura.org)

# vigocultura

## **Venda de entradas:**

O prezo das entradas para o programa "CON T DE TEATRO" será de 7 €.

O prezo das entradas para o programa "con t minúsculo" será de 5 € para persoas a partir de 13 anos e de 3 € para nenos e nenas até 12 anos.

O prezo das entradas de "VIGO EN DANZA" será de 5 €.

O resto dos espectáculos terán prezos segundo o programa e estarán fóra de calquera abono.

As entradas poderán adquirirse anticipadamente a través da páxina web [www.laboleteria.es](http://www.laboleteria.es) ou o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do auditorio. Poderanse adquirir abonos para todas as funcións de "CON T DE TEATRO" ou "con t minúsculo" de febreiro e marzo, cun 25% de desconto sobre o prezo total.

Máis info: [www.vigocultura.org](http://www.vigocultura.org) e 010.

**Auditorio Municipal de Vigo: Praza do Rei nº 1. Vigo**

| Venres 4 de febreiro 21 h |

## HAMLET, POR PONER UN EJEMPLO

**Compañía:** FACTORÍA TEATRO

**Xénero:** teatro adulto/ contemporáneo

**Autoría, adaptación e dirección:** Mariano Llorente

**Escenografía:** Arturo Martín Burgos

**Deseño de son:** Mariano Llorente

**Deseño de iluminación:** José Ignacio Tofé

**Vestiario:** Juan Ortega

**Coreografía:** Juan Ripoll

**Elenco artístico:** Victoria Teijeiro, Chavi Bruna, Salvador

Sanz e Silvia García de Pé

**Duración:** 75 minutos

**Prezo:** 7 euros



### Sinopse:

Nun escenario de calquera sitio, de calquera teatro, convenientemente decorado para a ocasión de formas pacegas, catro personaxes barrocamente ataviados produciríannos a inmediata impresión de estar en Elsinor, Dinamarca, e ante ao formidable drama de Shakespeare. Cheira a Hamlet por todas partes. Algo cheira a podre. Apestá a teatro clásico.

Os actores que conforman este cuarteto disonante e inharmónico son ás veces personaxes que se asemellan a Ofelia, a Claudio, a Gertrudis, a Hamlet. E, ao mesmo tempo, no mesmo plano, estes catro actores conforman unha banda de pobo tola e banal. Non son más agudos na súa análise das cousas do que o que poidan ser uns tipos que "arranxan o mundo" en torno a unhas cañas na barra dun bar.

Desde esa tensión, desde esa contradición violenta, desde ese amor por Shakespeare, desde a inevitable certeza de que temos que morrer por moitos atavíos barrocos que nos poñamos e de que os personaxes teatrais sobrevivirán aos actores que os encarnan, arrinca este Hamlet para morrer de risa e de estupor.

ADULTO

Programa "Con T de Teatro"

| Sábado 5 e domingo 6 de febreiro 18 h |

## OLA, OLA, LA!

**Compañía:** MAMÁ CABRA

**Xénero:** música para público infantil

**Idade recomendada:** de 3 a 8 anos


**Prezo:** entrada libre

(As invitacións recolleranse no despacho de billetes do auditorio unha hora antes das funcións)

Campaña da Secretaría Xeral de Política Lingüística dirixida ao público familiar, en especial, aos nenos e nenas con idades comprendidas entre os tres e os oito anos, coa intención de que a lingua galega ocupe o seu tempo de lecer.

Nesta campaña o grupo Mamá Cabra estreará un novo concerto-espectáculo e un novo libro-disco-dvd.

Co apoio da Editorial Galaxia.



| Mércores 9 e xoves 10 de febreiro 20:30 h |

# OS CLOCLÓ

**Compañía:** LAMBRÍACA

**Xénero:** teatro adulto / comedia

**Idea orixinal:** "A casa da Collona" (Alumnos Escola Audiovisual de Bouzas-Vigo)

**Texto, dirección e música:** Fran Peleteiro

**Diseño e realización de escenografía:** Julio Cela

**Diseño vestuario:** Humy Donado – Pili Trashorras


**Técnico de son:** Alexandre Piñeiro

**Técnico de luz:** Iberto P. Costas

**Elenco artístico:** Humy Donado, Julio Cela, Belén D.

Bouzas, Hugo Rodríguez, Xosé Manuel Conde

**Prezo:** 7 euros



## Sipnose:

Tres xeracións unidas por unha soa idea: vivir pola cara e sen traballar.

Esta comedia converte estes personaxes en heroes dentro dun mundo cheo de tiburóns, que aproveitan a mínima para facernos a vida imposible, sen traballo, salarios ridículos, horarios escravizantes...

Eles son o punto desternillante que abre os nosos ollos a unha forma de vivir nada convencional, pero... a eles vailles ben en todos os sentidos... Ou acaso non?

Vivir pola cara é tan doado como semella?

Vivir de *clocló* non leva tamén o seu traballo?

Non perdas esta comedia. Pode ser a solución dos teus problemas... de aborrecemento!

**Programa "Vigo a escena"**

| Venres 11 de febreiro 21 h |

## LIFE IS A PARIPÉ

**Compañía:** OBRAS PÚBLICAS

**Xénero:** teatro adulto / comedia

**Idade recomendada:** a partir de 14 anos

**Autor:** Jose Prieto

**Dirección:** Jose Prieto

**Escenografía:** Obras Públicas

**Deseño de son:** Jose Prieto

**Deseño de iluminación:** Afonso Castro

**Música:** Jose Prieto e Mos

**Elenco artístico:** Iolanda Muíños, César Goldi, Mos

**Duración:** 75 minutos

**Prezo:** 7 euros



### Sinopse:

75 minutos de humor dividido entre 11 escenas e pico, multiplicado por 2 intérpretes masculinos sumados a 1 intérprete feminina dá como resultado: 33 por cento de música más 33 por cento de teatro más 33 por cento de cachondeo, o que dá un total final de 100 por cen de paripé.

Programa "Con T de Teatro"

| Sábado 12 de febreiro 21 h |

## MOXENAS MUSICAL GALEGO

**Artista:** ESCOLAS VECIÑAS DE MÚSICA TRADICIONAL DE VIGO

**Participantes:**  
40 instrumentistas / 20 voces / 20 bailaríns

**Prezo:** 3 euros

### REPERTORIO:

Composicións de Moxenas  
Arranxos contemporáneos  
Repertorio popular  
Repertorio de autor  
Cancioneiros galegos

### Sinopse:

Trátase dun proxecto integrador das actividades de música e baile tradicional na federación de 35 asociacións veciñas de Vigo, dándolle un marco estable e formal de actuación coa idea dunha auténtica Escola de Música Tradicional.

MOXENAS MUSICAL GALEGO é un espectáculo musical no que se combinan instrumentos, voces e baile enchendo o escenario de montaxes variadas e amenas.

Sobre o escenario represéntanse pezas do repertorio musical galego do século XX, con escenografías de cuartetos, quintetos, solistas e agrupacións, con arranxos orquestrais para darlle a adecuada dimensión de espectáculo musical.

Durante o espectáculo prodúcense continuos cambios escenográficos de cara ás diferentes ambientacións de música, voces e baile. Ao mesmo tempo, tamén se lle dá unha dimensión didáctica da música tradicional, xa que cada peza é explicada nos seus contidos, características e valoracións antes da súa interpretación.



| Domingo 13 de febreiro 18 h |

## BICHARADA

**Compañía:** BERROBAMBÁN

**Xénero:** teatro familiar

**Idade recomendada:** a partir de 4 anos

**Autor:** Chiqui Pereira

**Dirección:** Evaristo Calvo

**Escenografía:** Pablo

**Diseño de son:** Arturo Vaquero – Abrigueiro Estudios

**Diseño de iluminación:** Fidel Vázquez

**Vestuario:** Clotilde Vaello

**Música:** Manolo Panforreteiro

**Elenco Artístico:** Paula Carballeira, Chiqui Pereira,

Anabell Gago e Patricia Lorenzo

**Duración:** 60 minutos

**Prezo:** 5 euros adultos e 3 euros até 12 anos



**Sinopse:**

Unha araña e unha formiga viven tranquilas na paz do seu recuncho. Até que un día aparece un animal misterioso... Un escaravello!

Desde a primeira luz, o público -nenas e nenos, grandes e pequenos- entra no mundo de Bicharada descubrindo e gozando do fantástico traballo que conseguiu vertebrar o equipo. A escenografía, o vestuario, a iluminación... Todo vai encamiñado a entrar e sentir esta historia tan máxica como simple, tan sincera como divertida, tan imaxinaria como real.

Programa "con t minúsculo"

| Xoves 17 de febreiro 20:30 h |

## SONO SILENTE

**Compañía:** BSTUDIODANZA

**Xénero:** danza contemporánea

**Idade recomendada:** todos os públicos

**Autor:** Dolores Mayán

**Dirección:** Dolores Mayán

**Escenografía:** Dolores Mayán

**Diseño de iluminación:** Santiago Mañasco

**Vestuario:** Dolores Mayán

**Música:** Varios autores

**Coreografía:** Dolores Mayán

**Elenco artístico:** Emilia Pardo, Vanessa Otero e

Celia Mayer

**Duración:** 50 minutos

**Prezo:** 5 euros



### Sinopse:

Sono Silente é unha obra de danza teatro de mediano formato e para todos os públicos. Inspirada no cine silente dos anos 20 e 30, toma como referente a imaxe potente da actriz Louise Brooks e dous dos seus filmes más coñecidos "The Canary Murder Case" e "Pandora's Box". A peza evidencia o devir performativo da feminidez e "a mascarada" teorizada por Joan Riviere nun traballo de gran carga simbólica e poética.

A ausencia da palabra, a forza da imaxe, o valor da mirada e a linguaxe corporal e xestual coinciden, en grande medida, coa visión plástica e poética das obras de Bstudio. Unha análise da imaxe estereotipada da muller no discurso cinematográfico da época, para describir e clasificar os roles que se lles asignaban aos papeis femininos. Este proceso ten como obxecto cuestionar o sentido da muller, tanto como figura dentro da pantalla, como creadora fóra dela.

A relación idea-coreografía conforma unha plataforma onde os corpos se apropián do movemento dun xeito reflexivo, repensado e recontextualizado. O corpo no cerne dunha reflexión constante que constrúe unha linguaxe cuxa comprensión favoreza o intercambio de significados.

### Programa "Vigo en danza"



| Venres 18 de febreiro 21 h |

## A ILLA DAS MULLERES LOUCAS

**Compañía:** INVERSA TEATRO

**Xénero:** teatro adulto

**Idade recomendada:** a partir de 13 anos

**Autor:** Afonso Pexegueiro

**Dirección:** Vanesa Sotelo

**Escenografía:** Inversa Teatro

**Deseño de son:** Berrogüetto

**Deseño de iluminación:** Baltasar Patiño

**Vestuario:** Inversa Teatro

**Música:** Anxo Pintos e Quico Comesaña (Berrogüetto)

**Coreografía:** Vanesa Sotelo e María Caparrini

**Elenco artístico:** Afonso Pexegueiro, Vanesa Sotelo, María Caparrini

**Duración:** 50 minutos

**Prezo:** 7 euros



### Sinopse:

Baseada na obra homónima de Afonso Pexegueiro, "A illa das mulleres loucas" é un recital dramático onde a linguaxe do corpo (encarnada polas actrices María Caparrini e Vanesa Sotelo) e a palabra do propio autor en escena se combinan coa música orixinal que os integrantes de Berrogüetto compuxeron para a ocasión e interpretan en directo. O resultado é unha peza poética de gran plasticidade na que as fronteiras entre o pasado, o presente e o futuro se esvaen para desvelar un tempo suspendido onde unha muller libra a súa propia batalla por definir os límites entre cordura e loucura.

"A illa das mulleres loucas" presenta unha muller escindida entre a vida e a morte, entre o primitivo e o civilizado, entre a razón e a paixón, entre a ilusión do futuro e o desengano do pasado. Unha muller coa que se constrúe un canto nacido da liberdade do inconsciente en defensa da vida e da linguaxe.

### Programa "Con T de Teatro"



| Sábado 19 de febreiro 21 h |

## MARK KOZELEK

**Artista:** MARK KOZELEK

**Xénero:** música

**Prezo:** 10 euros



Volve Mark Kozelek, volve a lenda xeracional. Faino co seu álder ego desde 2003, Sun Kil Moon. E cun novo disco debaixo do brazo, "Admiral Fell Promises", acústico e en solitario e tan sobresaínte como "April" (2008). Unha xira que chega a Vigo para remontarnos coas súas novas cancións río arriba e reencontrarnos, tamén pola vía da recuperación dalgúns temas que xa gastan soleira, coas paisaxes más belas da súa música. Porque nesta ocasión Kozelek apostou descaradamente pola beleza. Tamén pola nudez. É un bo atrezo co que saborear esa voz súa de punto anxelical, ese xeito de facer coa guitarra, tan atmosférica desde o espartano, que o converteron en pedra filosofal de tantos e tantos cantautores post-Nirvana. Aínda que, iso si, a pesar diso e de asinar álbuns venerados como "Ocean Beach" (1995) e "Old Ramon" (2001), o estadounidense non vive do recordo nin recostado no revival en primeira persoa, senón que mantén acendida a chama creativa.

Ademais, Kozelek é un dos poucos cantautores americanos que conseguiron que se publiquen libros das súas letras en varios idiomas. En España a editorial "Os libros do Señor James" estreouse hai un par de meses coa edición de "Noites de tránsito", unha recompilación do cancioneiro de Mark Kozelek, líder de Red House Painters e logo de Sun Kil Moon. Nunha espléndida tradución de Ezequiel Martínez Llorente, as letras que Kozelek foi escribindo ao longo da súa carreira volven demostrar a súa eficacia, a súa rara virtude de axuntar traxedia cotiá e pequenos praceres sen tremendismos e sen espazo para o tópico.

MÚSICA

| Domingo 20 de febreiro 18 h |

## CONTOS DE MAXIA

Compañía: MAGO CALI

Xénero: maxia

Idade recomendada: a partir de 6 anos

Autor: Agustín Fernández

Dirección e adaptación: Mago Cali

Escenografía: Dazian LLC

Deseño de son: Alberto González

Deseño de iluminación: Marcial Barro

Vestiario: Olga González

Música: Studio

Elenco artístico: Mago Cali

Duración: 50 minutos

Prezo: 5 euros adultos e 3 euros até 12 anos



Sinopse:

Ábrese a porta da imaxinación grazas á lectura e as palabras convértense en fascinantes historias máxicas.

O espectáculo do mago Cali móstranos como con calquera palabra pode crearse maxia.

Unha mestura de elementos da vida real cos elementos fantásticos fan un espectáculo divertido, entretido e fascinante.

Sorpresa, ilusión, humor.

A realidade e a fantasía mestúranse para que nunca perdamos a capacidade de soñar.

A maxia que lemos e convertemos en ilusións.

Programa "con t minúsculo"

| Xoves 24 de febreiro 20:30 h |

## SOCIEDADE FILHARMÓNICA

**Artistas:** Dúo de soprano e piano

(AIDA LÓPEZ CARRERA E JUAN MANUEL VARELA)

**Prezo:** 5 euros

### PROGRAMA

#### 1ª PARTE

Domine Deus de Gloria (Vivaldi)  
How Beautiful de O Mesías (George Friedrich Haendel)  
Bist du bei mir (Bach)  
Aria de Pamina da Fauta Máxica (Mozart)  
Aria de Susana de Le Nozze de Figaro (Mozart)  
Preludio para piano (Schubert)

#### 2ª PARTE

Aria de Norina de Don Pascuale (Donzetti)  
Vals de Musetta de A Boheme (Puccini)  
Nana (Falla)  
Tralara e El Punteado (Granados)  
El Sun Sun e La Comparsa (Lecuona)  
Aureana do Sil (Mompou)  
Rosa de Abril (Andres Gaos)  
En un país de fabula de La tabernera del puerto (Sorozabal)



**Juan Manuel Varela (piano)**

É o pianista do Orfeón Terra Nosa. Está especializado na faceta de pianista acompañante. Realiza os seus estudos de piano coas máximas cualificacións cos mestres Lida Stratulat, Alfredo Oyaguz e Cecilio e Evelio Tiels. Xunto co trío Aliaga representa a España no Kaleidoscopeder Nationen en Viena. Traballa habitualmente con directores como Antoni Ros Marba, Víctor Pablo Pérez, Oliver Von Dohnanyi, Alberto Zedda, Jean Christoph Frisch... Ten discos gravados coa soprano Laura Alonso.

**Aida López Carreira (soprano)**

Licenciada en Canto e Dirección Coral polo Instituto Superior de Arte da Habana. En 1996 recibe a mención especial do Xurado no Concurso Alejandro García Caturla da Habana. Como solista participou no *Mesías*, o *Requiem* de Faure, a *Gloria* de Vivaldi, o *Requiem* de Brahms, *Le Roi David*, *Misa Brevis KV 49* de Mozart. Cantou os papeis principais de óperas como *Bastian e Bastiana*, *La nozze dei Figaro*, *Dido and Aeneas* de Purcell, etc. Deu numerosos recitais interpretando Lied e canción de concerto tanto en Cuba como en España, colabora habitualmente coa Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Sinfónica de Galicia, Collegium Musicum de Praga. Ten gravacións de Cancións de aquí e de acolá.

| Venres 25 de febreiro 21 h |

## EXITUS

**Compañía:** TITZINA TEATRO

**Xénero:** teatro adulto / contemporáneo

**Idade recomendada:** todos os públicos

**Autor:** Diego Lorca e Pako Merino

**Dirección:** Diego Lorca e Pako Merino

**Escenografía:** Jordi Soler I Prim

**Deseño de son:** Jonatan Bernabeu

**Deseño de iluminación:** Miguel Muñoz

**Vestuario:** Mireia Roy

**Elenco artístico:** Diego Lorca e Pako Merino

**Duración:** 90 minutos

**Prezo:** 7 euros



### Sinopse:

Un funerario, un home na busca de emprego, un directivo dun laboratorio farmacéutico e un avogado entremesturan as súas vidas sen que eles mesmos sexan conscientes do destino común que os une.

Catro persoas que se enfrentan á morte desde puntos de vista tan diversos como o dunha profesión, unha traxedia ou un acto irreversible da vida.

Programa "Con T de Teatro"



| Sábado 26 de febreiro 21 h |

## INSIDE... THE WALL

### Compoñentes:

Pablo Abreu, teclados e voces

Esteban Amorín, guitarras e voces

Christian Docampo, baixo e voces

David Monteiro, guitarras e voces

Nardo Pérez, batería e voz principal

Rubén Pérez, técnico de son

### Colaboradores:

Manolo Agras, efectos de son

Borja Hermida, vídeo

Xénero: música

Duración: 90 minutos

Prezo: 3 euros



Concerto homenaxe a "The Wall", do grupo británico Pink Floyd, un disco dobre de estudio co formato típico dos álbums das bandas de rock progresivo dos 70.

Un fío condutor, unha historia neste caso, conforman o disco como unha obra conceptual, global e continua.

A historia retrátanos a vida dunha estrela ficticia de rock chamada "Pink", que se converte nun antiheroe mentalmente enfermo debido aos traumas que a vida lle vai deparando. A morte do seu pai na Segunda Guerra Mundial (*Another brick in the wall* - partes 1 e 3) nunha acción na que os mados británicos sacrificaron moitos soldados, a sobreprotección materna (*Mother*), a opresión da educación británica (*Another brick in the wall* - parte 2), os fracasos sentimentais, o seu mundo de superestrela, etc., son convertidos por el en ladrillos dun muro que o illa, construído co fin de protexerse do mundo e da vida, pero que o conduce a un mundo de fantasía autodestrutiva. Durante unha alucinación debido ao abuso de drogas, vese como un ditador fascista, o polo radicalmente oposto ao que Pink sente e está a un paso de traspasar o punto sen retorno da tolemaia, pero, finalmente, rexítalo. Na parte final da obra ten lugar "un xuízo" ficticio e simbólico contra el, que termina coa condena de derrubar o muro e exporse ao mundo exterior, nunha liberación final que lle permite volver a "fluír" e vivir outra vez.

| Domingo 27 de febreiro 18 h |

## BAJO MI CAMA UNA ESTRELLA

**Compañía:** LA TIRITA TEATRO

**Xénero:** teatro familiar / monicreques

**Idade recomendada:** de 3 a 7 anos

**Autor:** La tiritita teatro



**Dirección:** Alberto Alfaro

**Diseño de iluminación:** José Diego Ramírez

**Elenco artístico:** Paco Úbeda ou Germán Scasco  
(en alternancia)

**Duración:** 45 minutos

**Prezo:** 5 euros adultos e 3 euros até 12 anos



### Sinopse:

Miguel non é moi forte, nin moi áxil, nin moi rápido, pero é moi valente... home! Como todo o mundo ten un pouco do susto do amor, éntranlle tremores cada vez que a ve a ela.

Pero é moi moi valente... sempre que sexa de día e con sol, porque pola noite cando se vai a luz alí están a penumbra, que lle impide ver as cousas, e as sombras que parecen outras cousas, e os ruídos...

Da noite a Miguel só lle gusta a lúa, especialmente se está chea e loce grande e luminosa enchendo de luz a noite negra.

Un espectáculo que trata dos monstruos que a todos nos deron medo algunha vez, e que nos seguen dando por moi vellos que sexamos. Porque... quen non se asusta do monstro de debaixo da cama? E do...? Que me segue dando susto.

### Programa "con t minúsculo"

| Mércores 2 de marzo 20:30 h |

## ORQUESTRA VIGO 430

**Artista:** ORQUESTRA VIGO 430

**Alejandro Garrido (Director)**

**Anna Puig (Viola solista)**

**Xénero:** música

**Prezo:** 5 euros

Creada no ano 2005, está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos dos más brillantes expoñentes da prolífica "canteira" musical de Vigo e España en xeral, que cursan ou remataron os seus últimos anos de carreira, e se incorporan á actividade profesional. A orquestra conta ademais en cada programa que realiza con colaboracións de músicos invitados de primeira liña. Na actualidade o seu elenco vai desde os 14 músicos da pequena orquestra de cámara necesaria para abordar o repertorio barroco ate os case 50 que componen a formación sinfónica, segundo o repertorio para interpretar. A orquestra está xestionada por Javier Escobar e dirixida na súa faceta artística por Alejandro Garrido, un dos más relevantes músicos novos do noso país.

### PROGRAMA

Georg Philipp TELEMANN (1681-1767):  
Concerto para Viola e orquestra en Sol maior

- Largo
  - Allegro
  - Andante
  - Presto
- Viola solista: Anna Puig

Benjamin BRITTEN (1913-1976): "Simple Symphony" Op.4

- Boisterous Bourrée
- Playful Pizzicato
- Sentimental Sarabande
- Frolicsome Finale

Samuel BARBER (1910-1981): "Adagio"

Paul HINDEMITH (1895-1963): "Trauermusik"

- Langsam
- Ruhig bewegt
- Lebhaft
- Choral "Für deinen Thron tret ich hiermit",  
Sehr langsam
- Viola solista: Anna Puig

Felix MENDELSSOHN (1809-1847): Sinfonía N°9 en Do menor, "La Suisse"

- Grave
- Allegro
- Andante



| Xoves 3 de marzo 20:30 h |

## NAJWA NIMRI

**Artista:** NAJWA NIMRI

**Xénero:** música

**Prezo:** 10 euros

MÚSICA

De pai xordano e nai española (navarra), o seu nome significa "éxtase" en árabe, a lingua do seu pai. De pequena trasladouse a Bilbao e vive actualmente en Madrid. Deuse a coñecer como actriz grazas ao seu papel en "Salto al vacío", a primeira película do cineasta vasco Daniel Calparsoro. En canto á súa carreira musical, antes da súa primeira incursión na pantalla, Najwa Nimri cantaba como parte do coro de Respect (música soul) e de Clan Club (jazz) e máis tarde formou xunto a Carlos Jean o grupo Najwajean. Con esta formación editou "No Blood" en 1998, "Selection" (2002), "Ten years after" (2007) e "Till it breaks" (2008), ademais das bandas sonoras de "Asfalto" e "Guerreros". En solitario publicou "Carefully", "Mayday" e "Walkabout" coas súas respectivas edicións especiais.

"El último primate", o seu último disco, foi gravado en Londres e está producido pola propia Najwa Nimri xunto a Alfonso Pérez, en colaboración con Raúl Santos. Este traballo supón para Najwa un desafío tanto persoal como musical, afastándose de sons electrónicos e por primeira vez con letras en español, algo que non fixera anteriormente por "medo a que soara a pop". Moi lonxe deste temor, atopamos en "El último primate" unha obra sombría, con letras auténticas, digna dos mellores padais musicais. O seu primeiro *single*, que da título á obra completa, e que curiosamente foi o derradeiro tema composto para o álbum, mantén certas certas similitudes cun dos seus clásicos temas "Human Monkeys". Un disco cun fantástico son, tranquilo e punzante.



| Venres 4 de marzo 22 h |

## MUNDOLOIS

**Compañía:** NORDESÍA, KACHET E FILMANOVA

**Xénero:** teatro/audiovisual/poesía/música

**Idade recomendada:** a partir de 14 anos

**Autor:** Lois Pereiro

**Dirección:** Lino Braxe

**Dirección técnica e producción executiva:** Paco de Pin

**Música:** Alexandro González

**Ecenografía audiovisual:** Manu Paz e Antón Reixa

**Axudante de dirección e coordinación de producción:**

Cecilia Carballido

**Marketing e comunicación:** Cani Martínez

**Desenvolvemento:** Elena Couto

**Técnicos:** Armando Salas e Perello

**Elenco artístico:** Lino Braxe e Antela Cid

**Duración:** 70 minutos

**Prezo:** 7 euros



### Sinopse:

Co fío condutor da súa propia escrita, na voz dun actor, unha actriz e unha ambiciosa escenografía audiovisual que se apoiará nunha intensa e constante banda sonora, MUNDOLOIS pretende subministrar a calquera espectador profano no coñecemento de Lois Pereiro unha visión fonda, sedutora e interdisciplinar da súa personalidade artística.

ADULTO

Programa "Con T de Teatro"

| Domingo 6 de marzo 12 e 18 h |

## CINDERELA MIX

Compañía: ARTELLO TEATRO

Xénero: teatro familiar

Dirección: Manuel Pombal, Santiago Montenegro

Banda sonora, texto e dramaturxia: R. Hurtado, S. Montenegro e S. Piñón

Iluminación: Santiago Montenegro

Títeres e atrezzo: Suso Montero / Artello

Escenografía e vestuario: Suso Montero

Elenco: Rosa Hurtado, Santiago Montenegro, Simón Piñón

Prezo: 5 euros adultos e 3 euros até 12 anos



Sinopse:

Lembrádesvos da Cincenta,  
a pequena farrapenta,  
e das súas irmás noxentas  
que a aldraxaban con fachenda?

Cincenta? Cenerentola? Rhodopis? Cendrillon? Yeh-Shen?  
Cenicienta? Aschenputtel? Cinderella? Popelka? Gata  
Borralheira?...

Xa dende polo menos o século I a. C., disque centos, ou seica milleiros de olladas distintas, de diferentes culturas de todas as partes do mundo, convertérona no conto máis versionado da historia da humanidade.

A nosa versión é a fusión de tres olladas sobre este conto. Son as olladas de tres chaíñas. Tres personaxes que converxen accidentalmente.

A partir dos pequenos conflitos da súa vida cotiá, vense engaiolados por unha historia que lles leva a xogar, a mesturar... A compartir. Tres olladas humildes, cheas de ilusión, de poesía, de cor, de música e de humor.

Programa "Vigo a escena"

| Do venres 11 ao domingo 20 de marzo |

ALT'11

10ª edición do Festival Alternativo  
das Artes Escénicas de Vigo

PROGRAMA:

**VENRES 11**

Cía. Francisco Camacho: Nova Creación Citemor 2010. Portugal

**SÁBADO 12**

Cía. L' Alakam: Estoy en misa, vuelvo enseguida. Suiza-Euskadi

**DOMINGO 13**

Ambra Senatore. Italia

**XOVES 17**

Cía. Mimán Teatro: Y así pasan los días... Madrid

**SÁBADO 19**

Cía. Macarena Recuerda: Macarena recuerda. Cataluña

**DOMINGO 20**

Cía. Ana Contreras: Hamlet Kaputt. Madrid



| Martes 22 de marzo 20:30 h |

## OREKA TX

### Espectáculo: NÖMADAK TX EN DIRECTO

#### Músicos:

Oreka TX (Harkaitz Martínez de San Vicente, Igor Otxoa e/ou Mikel Garte): txalaparta de madeira, txalaparta de pedra, tubos e bidóns / Iñigo Egia: percusión (táboa india, caixón, bendir, bodhram, xarróns, wok, etc.) / Juanjo Otxantorena: bouzouki / Amaiur Cajaraville: contrabaixo / Mixel Ducau: alboka, ttun ttun, saxo soprano, clarinete

#### Invitados:

Danga Khosbayar "Hosoo" (Mongolia): canto harmónico "khoomi" e Morin Khoor / Aziza Brahim (Saharaui): voces e tabal

#### Técnicos:

Sendoa Lusarreta: deseño de iluminación / Mikel Fernández: deseño de son

#### Producción: Zuriñe Goikoetxea

#### Xénero: música

Prezo: 10 euros



#### Sinopse:

Nömadak TX conta a historia de dous músicos en movemento. Vianan coa súa txalaparta, un instrumento musical único, que se toca entre dúas persoas. Chegan hasta A India, Laponia, O Sáhara e Mongolia para fusionar a súa música coa de remotos pobos nómades. Atravesan desertos de xeo e area, percorren a cabalo as montañas de Mongolia, cruzan en tren o oeste da India... vianan en busca de sons. Atópanos noutros pobos, noutras paisaxes, noutras culturas. En persoas que, como eles, utilizan a música para dicir ao resto do mundo: estamos aquí, estamos vivos, somos nós.

#### RAIZAMES

O concerto de OREKA TX inicia o proxecto "Raizames", que pretende xerar un ciclo estable, cunha periodicidade fixa, que poida abranguer unha ampla diversidade de estilos. O denominador común é o de músicas ligadas dalgún xeito ás raíces musicais dun lugar concreto. Como nas árbores, as pólas poden abrir nun abano amplísimo, pero as raíces están fincadas na terra, nutríndose e producindo zume que nutre as súas manifestacións visibles. O obxectivo é afianzar unha oferta de músicas de calidade, comprometidas con realidades concretas, portadoras de valores identificadores e universalizantes.

| Venres 25 de marzo 21 h |

## VOLPONE

**Compañía:** TALÍA TEATRO

**Xenero:** teatro adulto / comedia

**Idade recomendada:** a partir de 13 anos

**Autor:** Ben Johnson

**Dirección e adaptación:** Roberto Salgueiro

**Deseño de son e iluminación:** Roberto Salgueiro

**Vestiario:** Roberto Salgueiro


**Elenco artístico:** Artur Trillo, Toño Casais, María Ordóñez,

Dani Trillo, Marta Ríos, Diego Rey, Gustavo G. Dieste,

David Creus e Rubén Prieto

**Duración:** 80 minutos

**Prezo:** 7 euros



### Sinopse:

Unha divertida comedia que retrata satiricamente nobres e non tan nobres señores, que teñen como principal interese reunir fortunas sen importar o ridículo que teñan que facer nin o custo que outros teñan que pagar.

O señor Volpone é un nobre, dono de abundantes riquezas, que finxe estar no seu leito de morte co fin de enganar os que desexan herdar a súa fortuna, ofrecéndolle a través do seu criado, o astuto Mosa, ser os seus únicos herdeiros. Nesta comedia poderemos rirnos de nós mesmos ao ver unha historia que fala dun dos nosos peores defectos: a corrupción.

ADULTO

Programa "Con T de Teatro"

| Sábado 26 de marzo 21:30 h |

## ELADIO E LOS SERES QUERIDOS

### Compoñentes:

Eladio Santos: voz e guitarras

Óscar Durán Uka: baixo

Manuel Santamaría: piano e teclados

Marcos Vázquez: programacións, samplers e proxeccións

Xénero: música

Prezo: 10 euros (inclúe disco)

Venda de entradas: [www.esmerarte.com](http://www.esmerarte.com)

Eladio Santos, xunto a *Los Seres Queridos*, inicia unha nova viaxe musical con "Están Ustedes Unidos". Un ramallete de cancións chamadas a permanecer na nosa retina durante moito tempo. Para moitos, Eladio é un artista imprescindible que milita na liga do contra estilo, a contra tendencia e a atemporalidade.

Con este traballo o diamante en bruto púese, os seus temas gañan en peso, arranxos e matices sonoros que até agora non utilizara. Con todo, a intransitable estrada do pop en español atopa o seu percorrido natural con melodías adultas e letras que enchen os oídos dos más novos e os más veteranos. A súa naturalidade sen complexos fai que o difícil resulte alcanzable para varias xeracións. Sen dúbida un artista que se converte na gran esperanza da rexeneración artística da tantas veces maltratada escena estatal.



| Domingo 27 de marzo 18 h |

## MENSAXE SEN BOTELLA

**Compañía:** CARAMUXO TEATRO

**Xénero:** teatro familiar / comedia

**Idade recomendada:** a partir de 5 anos

**Autor:** Juan Rodríguez e Laura Sarasola

**Dirección:** Caramuxo Teatro e Olga Margallo

**Escenografía:** Iván Rodríguez

**Diseño de iluminación:** Lino Braxe

**Vestiario:** Anita Martínez

**Elenco artístico:** Juan Rodríguez, Laura Sarasola

e Suso Jalda

**Duración:** 45 minutos

**Prezo:** 5 euros adultos e 3 euros até 12 anos

### Sinopse:

Jean Pierre Dumond é un home maniático e perfeccionista, vive só e adícase cada noite a recoller as mensaxes que chegan ao seu faiado dentro de botellas de diferentes tamaños e cores. Dumond encárgase de entregarllas a Gastón, o seu amigo e compañoiro alado, para que este as deixe voando no peitoril da ventá do seu destinatario.

Dumond é feliz na súa rutina cotiá, máis un día chega unha botella sen mensaxe, unha mensaxe sen botella...



Programa "con t minúsculo"

| Mércores 30 de marzo 20:30 h |

## ORQUESTRA E CORO VIGO 430

### Compoñentes:

- Orquestra Vigo 430  
Alejandro Garrido (Director)
- Coro Vigo 430  
Marta Sancho (Directora)

Xénero: música

Prezo: 5 euros



Creada no ano 2005, Orquestra Vigo 430 está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos dos más brillantes expoñentes da prolífica "canteira" musical de Vigo e España en xeral, que cursan ou remataron os seus últimos anos de carreira, e se incorporan á actividade profesional. A orquestra conta ademais en cada programa que realiza con colaboracións de músicos invitados de primeira liña. Na actualidade o seu elenco vai desde os 14 músicos da pequena orquestra de cámara necesaria para abordar o repertorio barroco ate os case 50 que componen a formación sinfónica, segundo o repertorio para interpretar. A orquestra está xestionada por Javier Escobar e dirixida na súa faceta artística por Alejandro Garrido, un dos máis relevantes músicos novos do noso país.

### PROGRAMA

Franz SCHUBERT (1797-1828):  
Sinfonía Nº8 en Si menor D.759 "Inacabada"

Wolfgang Amadeus MOZART (1756-1791):  
"Requiem" K.626

# INFORMACIÓN

- **INFORMACIÓN:**



- **Teléfonos:** - dende Vigo: 010  
- dende móvil ou fóra de Vigo: 986810260
- **Horario:** - de 8 a 20 h de luns a venres  
- de 10 a 14 h os sábados
- [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

- [www.vigocultura.org](http://www.vigocultura.org)

- En [facebook](#) atópanos en **Con T de Teatro**

# Vigocultura



Auditorio Municipal de Vigo



Concellería  
de Cultura  
e Animación  
Sociocultural  
Concello de Vigo



Tenencia  
de Alcaldía  
Concello de Vigo

[www.vigocultura.org](http://www.vigocultura.org)